SERVIZOS DE APOIO Á UDC PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

PRESTAMOS APOIO NOS SEGUINTES ASPECTOS

- Xestión e asesoramento sobre a protección de resultados de investigación
- Documentación sobre propiedade industrial e intelectual: normativas, leis, directivas, etc…
- Tramitación de solicitudes (patentes, modelos de utilidad, software, etc., distintas modalidades de protección)
- Explotación de resultados: contratos de confidencialidade, contratos de transferencia de tecnoloxía, contratos de licenzas de explotación, contratos de know-how, MTA

TITULARIDADE

- No caso das universidades, a institución é a que solicita a patente como propietario da invención

- A través da OTRI xestiónanse as patentes realizadas polo profesorado no ámbito das súas funcións docentes e investigadoras, correspondendo a súa titularidade á universidade, segundo a Lei 24/2015, de 24 de xullo, de Patentes

ERROS FRECUENTES

INVALIDAR UNHA PATENTE POR:

- Divulgala antes de presentar a solicitude (erro típico)
  - Negociar/comercializar o produto antes de patentalo: destrúe a novidade porque se fai pública a regra técnica antes de presentar a solicitude
  - Publicar os traballos de investigación antes de protexelos
- Non facer que alguén supervise a documentación

NORMATIVAS E PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

- Regulamento de Propiedade Industrial e Intelectual da UDC (aprobado polo Consello Social do 18 xullo 2012)
- Protocolo de actuación de Protección de Resultados de Investigación
- Comunicación de Resultados de Investigación (CRI)

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

- Comunicación de resultados: os investigadores teñen o deber de comunicar os resultados susceptibles de protección antes de publicar ou difundir para evitar a perda de novidade

- Contestación por parte da OTRI: a OTRI comunicaralle por escrito ao interlocutor a decisión adoptada pola UDC en canto aos seus dereitos sobre a invención

- Procedemento solicitude: procedemento xeral e procedemento simplificado

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

- Extensión da patente: prazo de 12 meses dende a data de prioridade. Decisión conxunta.

- Gastos relacionados:
  - Recursos do grupo de investigación
  - Cofinanciación da OTRI
  - Convocatoria Axudas da UDC

- Seguimento e rexistro de solicitudes: a OTRI

  Informará puntualmente do seguimento do expediente e levará a cabo un rexistro de todas as solicitudes

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN (CRI)

IDENTIFICACIÓN DA TECNOLOXÍA:

Se desexa comunicar un resultado, que considera susceptible de ser protexido, deberá cumprimentar o documento de “Comunicación de Resultados de Investigación (CRI)” e remitilo á OTRI no menor prazo posible e sempre antes de publicar ou difundir calquera información relacionada co fin de evitar a perda de novidade.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

Este documento é necesario para informar á OTRI de todo o relacionado co Resultado, que poida axudar no seu proceso de protección, valorización e transferencia.

NOME OU TÍTULO DO RESULTADO/INVENCIÓN	
ACRÓNIMO DO RESULTADO/INVENCIÓN	
NOME E APELIDOS DO INTERLOCUTOR	
DEPARTAMENTO/GRUPO	
CENTRO	
TELÉFONO DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DATA (DÍA/MES/ANO)	

Quen abaixo asina declara que os únicos autores do Resultado/Invención son os que aparecen no apartado denominado "Identificación dos autores do Resultado".

En……, a……de……de……

IDENTIFICACIÓN DOS AUTORES DO RESULTADO

A. Inventores da UDC

No.	Apelidos, Nome	DNI	Grupo/Departamento	Vínculo coa UDC	*Porcentaxe de participación*	SINATURA
1						
2						
3						
4						
5						

*** B. Inventores doutras Entidades**

No.	Apelidos, Nome	DNI	Grupo/Departamento	Entidade a que pertence	*Porcentaxe de participación*	SINATURA
1						
2						
3						
4						
5						

ORIXE DO RESULTADO E ESTADO DA TÉCNICA

1) ORIXE DO RESULTADO

☐ Proxecto de investigación sen financiamento

☐ Proxecto de investigación con financiamento alleo á UDC, co seguinte código identificador: .....

☐ Contrato de investigación ou servizo

☐ Outros: .....

.....

2) GRAO DE DIFUSIÓN E ESTUDO DA ARTE

a) Déuselle algunha difusión ao Resultado? No caso de que exista algún documento (publicación, patente, congreso, prensa, internet, abstract, etc.) que poida afectar á súa novidade, haberá que achegar a documentación correspondente.

b) Realizouse unha procura previa do Resultado en bases de datos de patentes?

c) O Resultado considérase novo porque:

☐ Non se atopou nada similar en bases de datos de patentes

☐ Non se atopou nada similar na bibliografía científica consultada

3) PALABRAS CHAVE

Palabras chave que identifiquen o Resultado

4) DESCRICIÓN XERAL DO RESULTADO

a) En que consiste o Resultado (faga unha breve descrición)?

b) Que problema resolve?

c) Como se está a resolver o problema na actualidade?

d) Cal é a solución que proporciona o Resultado?

e) Cales son os beneficios que se obteñen deste Resultado?

5) GRAO DE DESENVOLVEMENTO

Indique a fase en que se atopa o Resultado: investigación, desenvolvemento, proba piloto, remate da investigación…

6) EXPECTATIVAS SOBRE O RESULTADO (publicación curricular, protección do Resultado, interese na súa comercialización, creación de empresa, etc.)

VALORIZACIÓN DO RESULTADO

(Cúbrase soamente no caso de existir interese no proceso de valorización do Resultado)

7) COMERCIALIZACIÓN

a) Sectores económicos/industriais nos que se podería enmarcar o Resultado:

b) Cal sería o usuario final potencialmente interesado no Resultado?

c) Que empresas/institucións poderían estar interesadas no Resultado?

d) Está en contacto directo con algunha empresa ou institución potencialmente interesada en participar no desenvolvemento/licenza/comercialización do Resultado?

e) *Coñece produtos alternativos/substitutivos que xa existan arestora no mercado?*

f) *Que tipo de actuacións pensa que son necesarias para achegarse ao mercado? (proxecto de I+D en colaboración, licenza con contrato de cooperación técnica ou contrato know-how, licenza de patente, creación de nova empresa).*

g) *Que expectativas e motivacións ten o grupo sobre a posible comercialización do Resultado?*

h) *Posibilidades de implicación dos investigadores no proceso de comercialización*

8) OUTRA INFORMACIÓN QUE CONSIDERE RELEVANTE

RECORDE

Protexer e logo divulgar

Non é preciso esperar á concesión da patente. Unha vez obtida a data de presentación da solicitude, xa podemos divulgar (aínda que sempre con reservas...)

GRAZAS POLA ATENCIÓN

OTRI
Mª Isabel Docampo Ramos
Edificio Servicios Centrais de Investigación
Campus de Elviña
15071 A Coruña
Teléfono: 881 01 1437
E-mail: otri.proteccion@udc.es
http://otri.udc.es